

2/30 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN PLENARIA DO 26 DE MARZO DE 2026 DA DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO 25 DE MARZO DE 2026, RESPECTO DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA DONA MARÍA REIGOSA CASTRO (2026/G004/000205).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 25 de marzo de 2026 que, a seguir, se transcribe:

“Visto o escrito presentado por dona María Reigosa Castro, concelleira desta corporación, que entrou no Rexistro Telemático do Concello de Lugo, no Servizo de Actas e Goberno, co número 202699900006666 o día 24 de marzo de 2026, ás 7.52 horas, e no que pon de manifesto que *‘...en calidade de Concelleiro integrante do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Lugo, por medio do presente COMUNICO a renuncia a seguir no Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e SOLICITO pasar ó Grupo Non Adscrito no Concello de Lugo dende a data de firma, e que sexa tido en conta para a organización de Plenos e Comisións’*.

A sesión plenaria ordinaria do 26 de marzo de 2026, xa fora convocada con anterioridade -o 23 de marzo de 2026- polo que a dación de conta da resolución desta Alcaldía, na que se materializa a saída do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Lugo e o pase da solicitante á situación de concelleira non adscrita, non estaba incluída na orde do día e, polo tanto, debería adiarse ata a seguinte sesión plenaria.

Pola contra, a dación de conta ao Pleno na inmediata sesión que se celebre permite o exercicio dos dereitos de participación da concelleira non adscrita nesta mesma sesión plenaria, tendo en conta que o acto de toma de coñecemento por este órgano non é constitutivo, senón meramente declarativo dunha situación que produce efectos dende a data na que a comunicación de renuncia ten entrada no Rexistro Xeral. Deste xeito, a urxencia para a inclusión dun punto na orde de día da sesión xa convocada queda xustificada (artigos 64.2 e 83 do ROMP).

Por todo o anterior, propónse darlle conta ao Pleno da resolución desta Alcaldía do 25 de marzo de 2026 que a seguir se transcribe

“Visto o escrito presentado por dona María Reigosa Castro, concelleira desta corporación, que tivo entrada no Rexistro Telemático do Concello de Lugo, no Servizo de Actas e Goberno, co número 202699900006666 o día 24 de marzo de 2026, ás 7.52 horas, e no que pon de manifesto que *‘...en calidade de Concelleiro integrante do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Lugo, por medio do presente COMUNICO a renuncia a seguir no Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e SOLICITO pasar ó Grupo Non Adscrito no Concello de Lugo dende a data de firma, e que sexa tido en conta para a organización de Plenos e Comisións’*, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e co ánimo de facilitar a súa participación nos órganos colexiados municipais RESOLVE:

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040020030

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

Primeiro.- Considerar a dona María Reigosa Castro como concelleira non adscrita do Concello de Lugo.

Segundo.- Requirirle informe á Secretaría Xeral do Pleno respecto dos dereitos políticos e económicos que lle corresponden á dita concelleira, así como sobre os efectos que esta saída do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE provoca na organización municipal

Terceiro.- Darlle conta ao Pleno na inmediata sesión que se celebre coa finalidade de evitar o prexuízo a dereitos da concelleira non adscrita, tendo en conta que o acto de toma de coñecemento polo Pleno non é constitutivo senón meramente declarativo dunha situación que produce efectos dende a data na que a comunicación de renuncia ten entrada no Rexistro Xeral.

Cúmprase.”

Ao non suscitarse debate, sométese a votación a urxencia desta proposta, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | |
|---------------------------|---|
| - Votos a favor: | 24, dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Reigosa Castro |
| - Votos en contra: | 0 |
| - Abstencións: | 0 |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** aprobar a proposta da alcaldía relativa á inclusión na orde do día desta sesión da dación de conta do Decreto do 25 de marzo de 2026, respecto da consideración de dona María Reigosa Castro como concelleira non adscrita desta Corporación.

O Pleno quedou informado.